


## ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO

**RUTINAS DIARIAS:** (serven de base para darlles seguridade, fomentar hábitos e habilidades, manexar útiles coma o calendario e a memorización)

› Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano. Axudádevos cun calendario que vos den na casa!! Cancións en youtube: [Canción los días de la semana, Los meses del año.](#)


› Estación do ano: Canción en youtube : [La primavera ya llegó - Rock infantil.](#)

› Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: *Ventaniña da clase, que día vai hoxe? Dime se o sol xa saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, ou vento sopra hoxe. Ventaniña dime agora, que día vai hoxe?* Tamén podedes escoitala en forma de canción e en castelán, recordades? **PREMEDE NA IMAXE...**



- Sería **importante** tamén, que axudados por ese calendario, que poidan **escribir** coa vosa axuda, si é preciso, a **data e** o seu **nome nas tarefas** que fagan, aínda que sexa un debuxo, unha composición, todo o que plasmen en papel, en maiúscula ou minúscula, según poidan, así van practicando! ;)

Antes de nada, traémosvos un pequeno **“recordatorio”** que ás veces se nos esquece... As profes, poidemos comprobar por algunhas familias a **preocupación polo proceso da lectoescritura**, que **non é** por outra parte, **a finalidade da educación infantil**. Queremos chamarvos á **calma** xa que todo o que fixeron os nenos e nenas durante o curso, e as nosas propostas nestes momentos, están encamiñadas neste sentido, a lograr sentar as bases para o paso a primaria. Todo chegará ao seu tempo mirade...




...Así que, **KEEP CALM, TRANQUIL@S!!!!**

Agora sí pasamos a presentarvos a nosas propostas que repetimos, son iso, **PROPOSTAS** buscadas e adaptadas para todos e todas, despois vós xa ides vendo como e cando levalas a cabo segundo as vosas circunstancias, que cada un sabe as súas! pero **o que sí nos encantaría ás profes, sería ver os resultados...**

LUNS 11 DE ABRIL. **RECANTO DE MATES.** Moita atención!

**UNHA FOLLA PARA CADA BICHO!** (implica entre outras destrezas: formular hipóteses, conteo, grafomotricidade e expresión artística)


1. UNE CADA BICHIÑO CUNHA SOA FOLLA, HAI UNHA PARA CADA UN? \_\_\_\_\_
2. RODEA COA TÚA COR PREFERIDA OS BICHOS QUE SOBRAN.
3. CONTA CANTAS FOLLAS HAI: \_\_\_\_\_
4. CONTA CANTOS BICHOS SON: \_\_\_\_\_
5. CONTA CANTOS BICHOS SOBRAN: \_\_\_\_\_
6. AGORA COLOREA O DEBUXO COMO MÁIS CHE GUSTE!




MANÍA

SEGUE MOI ATENTO/A Á POSICIÓN DAS FLECHAS, FÍXATE BEN!!!  
(implica: atención, concentración, lateralidade e coordinación  
óculo/manual)

NOMBRE Y APELLIDOS: \_\_\_\_\_  
AULA: \_\_\_\_\_ FECHA: \_\_/\_\_/\_\_



COLOREA LAS FLECHAS SEGÚN SU POSICIÓN: ARRIBA, ABAJO, IZQUIERDA O DERECHA



MATERIAL REGISTRADO POR [WWW.BOSQUEDEFANTASIAS.COM](http://WWW.BOSQUEDEFANTASIAS.COM)

\*Tamén podedes ampliar máis materiais coma éste, premendo  
nesta ligazón: <https://www.bosquedefantasias.com/>

**MARTES 12. PEQUE COCIÑEIR@S.** Apetécевos? (implica: medir, transvasar, manexo de útiles, motricidade nas mans, a nivel fina e grosa, coordinación óculo \_ manual, e o máis importante; implicalos nas vosas tarefas!)

Xa todos e todas sabedes que a **froita** forma parte dunha **alimentación saudable**, acordádesvos que vos din sempre as mestras e mestres no cole e as vosas familias? Pois xa veredes que tomar froita pode ser súper divertido e ademáis, podedes axudar na súa preparación é moi doado!!! Na foto tedes una mostra; podedes decorar co que teñades na casa ou co que máis vos guste e a disfrutar!!! Queremos ver esas delicias...:)

Imos aló! Para ir á **receita**, preme na primeira foto.



**MÉRCORES 13. RECANTO MUSICAL E BAILE.** Un pouco de movemento, sempre vén de marabilla..., preparad@s??? (implica entre outras destrezas: desenvolvemento da expresión corporal, do ritmo e o movemento, coordinación xeral, situación espacio-temporal, reforzo do esquema corporal)

Xa que noutras actividades traballamos as partes do corpo, fixéstelo con macarróns, descubristes as partes... pois agora toca cantar e bailar unha canción tan divertida que de seguro se vos "pegar" e acabaredes por aprendela de tanto escoitala! É moi sinxelo: só tedes que **premer na imaxe de embaixo**, e a bailar e cantar as partes do corpo! Tamén podedes pedir que vos graben nos ensaios e **mandarnos os vídeos**, de seguro quedaremos abraiadas. Animádevos e convidade se queredes a alguén que esté con vós!!!

**CANTICUÉNTICOS. ACÁ TÁ!!!!**



**XOVES 14. SABEMOS MEDIR: "PALMO, PASO, PÉ"** (con este tipo de actividades trabállanse conceptos abstractos como a lonxitude, o tamaño, os atributos dunha colección ou un obxecto)

Para que vos fagades unha idea de que non é doado explicarlles aos nenos, non só de infantil, senón máis aló dos primeiros cursos de primaria; mergullándonos por internet, queremos compartir con vós unha anécdota dun mestre nunha clase que pode ser calquera das nosas...



*"Nunha escola querían medir a distancia entre dúas das paredes dunha aula de cinco anos. Decidiron facelo cos pés, facendo pasos para que os pés tocasen cada vez. O neno voluntario contaba cada vez que puxo un pé diante do outro e contaba con 20. Entón o profesor preguntoulle ao neno: "E logo, cantos pés hai desde este muro para o outro?" E a resposta do mozo foi: "Hai dous". O rapaz tiña moi claro que había dous pés e nada máis. E foi así, só había dous pés.*



Esta resposta é verdadeiramente reveladora porque demostra que os nenos, nun determinado momento, non asimilaron o concepto

de unidade de medida. Para nós adultos, pregunta, se estamos medindo. "Cantos pés hai?" Significa "Cantas veces encaixa o pé?", Porque falamos de "pé" como unidade de medida, un concepto que xa adquirimos. Pero para estudantes máis novos, "Cantos pés ten?" significa só iso: "Cantos pés hai? E de verdade, nesa estrada había só dous pés. Ao día seguinte, o profesor fixo que todos os nenos se quitaran os zapatos e descubriron que 20 zapatos cabían nesa distancia.






Pois ben, despois desta anécdota, poderedes comprobalo vós mesm@s...

Elaborade con eles, unha **plantilla** en papel, cartón... cunha táboa nas que debuxedes o obxecto, cousa que se quere medir, a man, o pé...e a a ver que pasa! Xa nos mostraredes a experiencia!

Measuring with Dinosaur Feet!

\*How many of my  does it take to equal a dinosaur ?

5 of my foot = 1 Dinosaur Foot

* Object	Dinosaur 	Me 
 couch	4	17
 mommy	3	13
 soccer goal	2	9

Aquí tedes un exemplo con pasos de dinosaurio! poderedes xogar con iso ou tamén facer plantillas de pegadas de animais, grandes, pequenos... Deixade que vos guíen eles e investigade!



VENRES 15. **CINE EN FAMILIA** Os venres, xa estamos algo cansados de toda a semana. Merecémonos despois dun longo paseo ao aire libre, agora que podemos, disfrutar en familia dun momento relaxado e tranquilo con algo que a eles lles encanta e máis si o comparten con vós na casa.

Nós temos múltiples propostas pero entre outras, hoxe recomendamos unha **curtametraxe** para traballar a parte emocional. Estaría ben propoñerlles si queren facer despois ou ao día seguinte ou cando sexa; algún debuxo do que máis lles gustou.

Por suposto que podedes ver a curta, a película, o conto a canción ou o baile que máis lles guste e que mellor vos pareza, nós simplemente, tratamos de axudarvos coas nosas aportacións. Desexamos que o disfrutedes!

PREMEDE [AQUÍ](#) PARA COMEZAR A VER "EL VENDEDOR DE HUMO"

BOA FIN DE SEMANA E BICOS VIRTUAIS A TOD@S. MOITO ÁNIMO!!!

· RECORDADE QUE ESTAMOS CON VÓS POLO ABALAR E NOS NOSOS CORREOS:

[mdavila@edu.xunta.es](mailto:mdavila@edu.xunta.es) (profe Marga)

[yorovi@edu.xunta.es](mailto:yorovi@edu.xunta.es) (profe Yolanda)